

TEMA 12. AS CORTES DE CÁDIZ E A CONSTITUCIÓN DE 1812

GUERRA E RAZÓNS PARA CONVOCATORIA DAS CORTES

A raíz do sucedido en marzo de 1808, cando **Fernando** arrebatou a coroa a seu pai no **Motín de Aranjuez**, ambos acabaron cedendo os seus dereitos á Coroa ante Napoleón nas **Abdicacións de Baiona***, case ao mesmo tempo que o pobo de Madrid se rebelaba contra os franceses o 2 de maio.

Tras a brutal represión francesa ao día seguinte, retratada por **Goya**, a rebelión propagouse polo país, comezando así a **Guerra de Independencia en España**, que duraría desde 1808 a 1813. Ante a ausencia do Rei e familia, que permaneceron todo este tempo “secuestrados” e pasivos en Francia, en vilas e cidades comezaron a formarse **Xuntas Locais de Goberno**, cun dobre obxectivo:

- Organizar a loita contra o invasor francés.
- E organizar o goberno, xa que rexeitaban como rei a **Xosé I**. Para unha maior coordinación destas **Xuntas Locais**, foron aparecendo tamén **Xuntas Provinciais**, e para coordinalas a todas a **Xunta Suprema Central de España e Indias**, como goberno de España. Esta **Xunta Central** foi a que, en 1810, decidiu transformarse en **Rexencia** (asumindo así as funcións do Rei) para poder convocar **Cortes Xerais Extraordinarias** (reunión de representantes das provincias) e deste modo:
- Dar máis lexitimidade ás decisións políticas a tomar en ausencia do rei;
- Coñecer mellor a vontade da nación;
- E comezar importantes reformas legais.

TENDENCIAS POLÍTICAS DOS DEPUTADOS.

Estas **Cortes** reuníronse en **Cádiz** (non ocupada e ben protexida dos franceses) o 24 setembro de 1810, comezando as sesións nun **Teatro da Illa de León** (parte de **Cádiz** máis pegada á península Ibérica) e trasladándose un ano despois a unha igrexa, o elíptico **Oratorio San Felipe Neri**, no centro de **Cádiz**. Socialmente: Predominaban os deputados con formación intelectual: funcionarios, avogados, profesores, médicos... Pero o grupo maioritario era o **clero** (case un tercio! dos deputados), que era sobre todo un clero urbano, formado intelectualmente (e aberto polo tanto a certas ideas liberais!), e que foi o que levou a voz cantante en todas as deliberacións. Moitos deputados, debido ás dificultades para chegar a **Cádiz** pola guerra, foron substituídos por gaditanos, que en xeral eran máis partidarios do liberalismo ao ser unha cidade máis aberta e comercial que a media; e cabe destacar tamén a presenza, por primeira vez, de representantes das colonias de ultramar. Ideoloxicamente, estes deputados dividíanse en 3 grupos,

separados por cómo entendían a soberanía: os **liberais**, pedían que a Soberanía Nacional estivese en exclusiva nas Cortes (elixidas polos cidadáns); os **liberais moderados/Jovellanistas**, Soberanía Nacional compartida entre Rei e unhas Cortes estamentais; e **absolutistas/Realistas/Serviles**, estaban a favor de manter a **Soberanía real** ou só no rei. Estes últimos apostaban por manter integramente o sistema tradicional do A. Réxime, pero os liberais viron nestas **Cortes** a oportunidade para transformalo nun sistema máis moderno.

O NOVO MODELO DESEÑADO POLA CONSTITUCIÓN DE 1812.

As **Cortes de Cádiz**, que estiveron asediadas en todo momento por bombardeos das tropas francesas, foron debatendo e aprobando por votación numerosos decretos e artigos xa desde 1810, cos que se eliminaba o poder excesivo do rei e a **Igrexa** (e en xeral o **Antigo Réxime**), suprimindo os dereitos feudais, a Inquisición, o uso da tortura ou incluso os gremios.

Así, o 19 de marzo de 1812, coincidindo co 4º aniversario do **Motín de Aranjuez**, aprobouse a primeira **Constitución española** (que os gaditanos chamaron a Pepa, por ser día de San José). O texto establecía un novo sistema, liberal, moderno e moi revolucionario, coas seguintes características:

- 1) España sería unha **Monarquía constitucional**: Rei si, pero cun poder limitado pola Constitución.
- 2) Formada polos territorios de ambos hemisferios (xa non eran colonias, senón provincias!);
- 3) Con **Soberanía Nacional**: o poder reside na **Nación** (as Cortes, a convocar 1ª vez/ano); non no rei.
- 4) Cunha ríxida **separación de poderes** (para evitar abusos):
 - **Lexislativo**: compartido entre as Cortes (que elaborarían as leis) e o rei (que as promulgaría)... pero podía tamén vetar/suspender as Cortes temporalmente.
 - **Executivo**: para o rei (que actuaría como Xefe do Estado e do Goberno)
 - **Xudicial**: para os Tribunais de Xustiza (incluso con xurado popular nalgúns casos).
- 5) E que recoñecía numerosos **dereitos e liberdades para os cidadáns**:
 - dereito ao Sufraxio Universal (masculino) para elixir os representantes nas Cortes
 - dereito á liberdade e á propiedade privada
 - dereito á educación
 - liberdade de imprenta e de opinión, sen censura
 - igualdade de todos ante a lei e ante as cargas do Estado, sexan estas fiscais (con pago proporcional á riqueza) ou militares (con servizo militar obrigado), rematando así cos privilexios estamentais e cos foros dalgúns territorios, e apostando no seu lugar pola centralización política de España (sen diferenzas territoriais).

6) Para asegurar a orde pública e a defensa destas liberdades, creaba a **Milicia Nacional**, un corpo armado no que os cidadáns debían servir para manter a orde e defender este sistema.

7) Finalmente, demostrando que nin monarquía nin catolicismo eran aínda ideas discutibles, declarábase España como **Estado confesional católico** (catolicismo como relixión oficial do Estado). En resume, as **Cortes de Cádiz** elaboraron un texto moderno e revolucionario en moitos aspectos, que poñía fin ao absolutismo e ao Antigo Réxime e implantaba no seu lugar un sistema liberal.

DIFICULTADES ATOPADAS.

En cambio, nin os decretos nin a **Constitución de 1812** chegaron a aplicarse, debido á ocupación napoleónica da maior parte do territorio. E ademais non toda a sociedade española celebrou por igual este logro: -para o **pobo**, aínda moi aferrado ás tradicións, inculto e moi controlado pola Igrexa, a Pepa era un ataque á España tradicional por parte dunha elite intelectual; -para a **Igrexa** e a nobreza, por suposto, supoñía un golpe ao seu enorme poder; -para algúns militares, os cambios eran demasiados, e o xeneral **Elías** chegou a ofrecerse a **Fernando VII**: -e 69 deputados absolutistas que estiveran en Cádiz, disconformes co aprobado pola maioría, entregaron ao Rei un texto, o “**Manifesto dos Persas**”*, pedíndolle nel a anulación do feito en Cádiz. Así, en 1814, tras recuperar **Fernando VII** a coroa española (devolta por **Napoleón** no **Tratado de Valençay***) e regresar atravesando diversas cidades e comprobando que contaba con apoios, mentres as Cortes esperaban a súa chegada para poder aprobar a Constitución, este publicou o **Decreto de Valencia**, no que derogaba por completo todas as leis elaboradas en **Cádiz**. Ademais, dissolveu as Cortes, pechou universidades e comezou a perseguir a liberais e **afrancesados***, facendo que moitos, como **Goya**, acabasen exiliándose en países como Francia ou Inglaterra. Así foi como o rei restaurou, tras anos de ausencia e como se nada tivera pasado, o absolutismo e o AR.

Pero esta **1ª Constitución** converteuse así en modelo e inspiración dos liberais españois (e europeos), que por medio de pronunciamentos militares intentarían nos seguintes anos obrigar ao rei a recuperala. En 1820, por fin, tras o pronunciamento do xeneral **Rafael del Riego**, apoiado por todo o país, **Fernando VII**, contra a súa vontade, non terá máis remedio que aprobala e xurar cumprila, “*marchemos francamente y yo el primero por la senda constitucional*”, afirmou hipocritamente, dando lugar ao curto período coñecido como **Trienio Liberal (1820-23)**.